

# [ Encontro entre Cooperativas. Nº 5 – 16 Setembro ]

## Programa #SaimosCooperando

[ Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO ]

<b>DATA REALIZACIÓN</b>	Quinta Feira- Xoves 16 de Setembro de 2021	<b>DURACIÓN</b>	2 horas
<b>HORARIO</b>	09:30 – 11:30 horas		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Encontro en formato On-line – A través de Zoom		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Ramón Carmelo Rodríguez Padín (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	<b>TELÉFONO</b>	623301529
		<b>E-MAIL</b>	<a href="mailto:ramon@espazo.coop">ramon@espazo.coop</a>

### FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Presentación das cooperativas participantes.
- Pór en común e intercambiar información sobre a experiencia de cada cooperativa beneficiaria, a respecto da súa participación nos servizos vinculados ao Programa #SaimosCooperando 2021 (asesoramento, formación, encontros), os impactos na súa mellora a través do devandito Programa e aspectos que precisan de continuidade para consolidar dita mellora (por exemplo, en procesos, ferramentas, modelos de xestión...)
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes.

### PROGRAMA - CONTIDOS

09:30 h. - Benvida e presentación das persoas e cooperativas.

09:45 h.- Avaliemos o Programa #SaimosCooperando – Edición 2021 : Experiencia e impactos do Programa na mellora de cada cooperativa beneficiaria

11:00 h.- Quenda de preguntas e comentarios

11.30 h.- Peche do encontro.

### METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro, animaremos á cada cooperativa participante a socializar información sobre a súa experiencia no Programa #SaimosCooperando 2021 , que poida ser de axuda para os procesos de mellora ás restantes asistentes a esta actividade, sen prexuízo, da recollida de información relevante por parte de ESPAZOCOOP, para a organización de futuras edicións do Programa.

Abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios sobre as experiencias presentadas, e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

### DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop beneficiarias do Programa de forma preferente.



### Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.

- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.